

## O ACCESO ABERTO

O acceso aberto [*open access*] á literatura científica busca o libre acceso aos recursos dixitais froito da investigación científica, dispoñible gratuitamente no Internet público, permitindo a calquera usuario ler, descargar, copiar, distribuír, imprimir, buscar ou usalos con calquera propósito legal, sen ningunha barreira financeira, legal ou técnica.

O límite que sempre se terá que cumprir é o de darlles aos autores o control sobre a integridade dos seus traballos e o dereito a ser adecuadamente recoñecidos e citados.

Aos lectores dálles a mellor capacidade de atopar e usar literatura relevante e aos autores e os seus traballos ofrécelles visibilidade [coa protección dos dereitos de autor que isto supón], recuperación e impacto.

As vías para publicar en acceso aberto poden resumirse en dúas: o autoarquivo en repositorios e a publicación en revistas de acceso aberto [como as de [PLOS](#), [Highwire](#), [BiomedCentral](#), [e-Revist@s...](#)].

## OS REPOSITARIOS

Os repositorios poden ser definidos como arquivos onde se almacenan recursos dixitais [textuais, de imaxe ou son].

Clasifícanse en dous grandes grupos:

- **Temáticos.** Algúns repositorios están especializados en temas concretos, como por exemplo [ArXiv](#), dedicado á física de altas enerxías, computación e ciencias non lineais.
- **Institucionais.** A gran maioría dos repositorios serven á súa institución como depósito multidisciplinar do traballo de investigación da propia institución. Este é o caso do RUC, de [Digital.CSIC](#), [UPCommons](#), [E-Prints UCM...](#)

Os repositorios garanten unha maior visibilidade dos traballos académicos, o que ten moitas vantaxes. Os traballos pódense recuperar dende fontes académicas [existen buscadores especializados para os documentos almacenados deste modo, como [OAíster](#), [Recolecta...](#)] e tamén dende os buscadores máis habituais, e iso aumenta a posibilidade de ser citado.

Doutra banda esta visibilidade permite detectar con maior facilidade as copias sen cita ou con cita incorrecta, e xa hai moitos programas que buscan a coincidencia entre documentos na Internet.

## O RUC

A UDC ten un dos primeiros repositorios institucionais que apareceron en España. O [RUC](#) é o repositorio dixital da Universidade da Coruña.



O seu obxectivo é difundir e preservar os materias produto da actividade docente e investigadora da universidade así como os seus fondos documentais patrimoniais.

A **estrutura** do RUC componse de:

- Comunidades:
  1. Investigación
  2. Revistas UDC

3. Congresos UDC
4. Biblioteca UDC - Coleccións especiais
5. Traballos académicos
6. Docencia

- Sub-comunidades: corresponden aos departamentos, e dentro deles, aos grupos de traballo.
- Coleccións: nalgunhas comunidades existen coleccións como a de Teses de doutoramento na de Investigación.

Os usuarios rexistrados poden *subscribirse* aos contidos de cada colección, recibindo un correo electrónico cada vez que sexa incorporado un novo documento.

Os **dereitos de autor** son un tema fundamental. Os autores dos documentos depositados no RUC reteñen os seus dereitos e concédennlle á UDC unicamente unha licenza non exclusiva de distribución [así os autores poden seguir facendo uso dos seus documentos: publicándoos, nos seus blogs, etc.]. Tamén poden utilizar a licenza que dá por defecto o RUC, ou outras como as de [Creative Commons](#).

Se un usuario detecta que alguén está a facer un mal uso do seu documento pode avisar aos administradores para que contacten coa persoa. Tamén pode solicitar a intervención dos tribunais.

Para depositar un documento xa publicado é necesario coñecer se o contrato de cesión dos dereitos ao editor o permite. Para comprobalo, pode consultar co editor ou nos portais [Romeo](#) ou [Dulcinea](#). Se o documento ten varios autores é necesario o consentimento de todos eles.

## AUTOARQUIVAR

Todos os docentes e investigadores da UDC poden depositar no RUC os documentos produto da súa investigación ou os materiais para a docencia que desexen que se atopen accesibles en Internet. O RUC proporciona un arquivo

seguro dos documentos e un enderezo web estable [URI] para cada un.

Neste sentido hai que recordar que a Lei de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación obriga ao depósito dos artigos que reflectan investigacións financiadas maioritariamente con cargo aos Presupostos do Estado.

Admítense documentos non publicados, en vías de publicación ou publicados, en calquera idioma. Recomendase o uso de formatos normalizados de código aberto [pdf, jpg, png...] para favorecer a preservación e a interoperabilidade.

Para autoarquivar hai que facer o seguinte:

1. Darse de alta como usuario en [Mi RUC](#)



2. Solicitar autorización en [ruc@udc.es](mailto:ruc@udc.es) para autoarquivar, indicando en que comunidade se desexa depositar.
3. Acceder na conta de usuario a [Comenzar un nuevo envío](#) e elixir a comunidade na que quere arquivar.
4. Facer a descrición do arquivo [autor, título, palabras clave, resumo...], subir o arquivo e asegurarse de que o formato é aceptado. Finalmente haberá que aceptar a licenza.
5. Os administradores comprobarán que todo é correcto e enviarán un correo-e informativo.

## TESES DE DOUTORAMENTO

O Real Decreto 99/2011, polo que se regulan os ensinos oficiais de doutoramento, inclúe o mandato nacional sobre o arquivo en acceso aberto das teses. En cumprimento deste RD todas as teses de doutoramento aprobadas despois do 12/02/2012 publicaranse en aberto no RUC. O autor ten que asinar unha *Declaración para o depósito no Repositorio Institucional da UDC [RUC]*.

A UDC xa lles ofrecía o depósito das teses aos novos doutores informándolles das súas vantaxes:

- Aumentar a visibilidade da obra e do autor pois poden ser recuperadas tamén desde espazos *open access* como [OAister](#), [OpenDOAR](#), [Recolecta](#); ou dende buscadores de Internet.
- Asegurar a preservación. Todos os documentos do Repositorio teñen asignado un identificador único que garante o seu acceso permanente.
- Facilitar o acceso á información de xeito gratuito.

Para publicar no RUC unha tese aprobada antes do 12 de febreiro de 2012 é preciso que o asine un contrato coa Universidade [co que se garanten totalmente os dereitos do autor].

As teses están almacenadas na colección de [Teses de doutoramento](#) dentro da comunidade Investigación.

## TRABALLOS DE FIN DE GRAO, CARREIRA E MESTRADO

Recentemente estes traballos de investigación comezaron a incorporarse ao RUC por un procedemento similar ao das teses. Podedes atopalos na comunidade [Traballos académicos](#) ordenados polo nome dos estudos aos que pertencen.

Tanto as teses como estes traballos tamén os podedes localizar desde o catálogo da biblioteca e recuperar o texto completo gardado no RUC.

Para calquera dúbida podedes poñervos en contacto coa vosa biblioteca ou escribir a [ruc@udc.es](mailto:ruc@udc.es)



# RUC: Repositorio Institucional da UDC

## GUÍA DE USO

Biblioteca da Facultade de Ciencias  
Campus da Zapateira, s/n  
15071 A Coruña

Tfno. 981 167 000 ext. 2059  
[ciencias.bib@udc.es](mailto:ciencias.bib@udc.es)

<http://ciencias.udc.es/biblioteca>

